

**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

Primeiro.—Realizar a ampliación e mellora do cemiterio municipal de San Cibrán, segundo o proxecto redactado polo arquitecto Antonio Soliño Troncoso.

Segundo.—Remitir esta resolución, para a súa publicación, á Deputación Provincial de Pontevedra a fin de que ordene a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia e ao Taboleiro de Edictos para a súa exposición durante un prazo de 15 días, aos efectos de dar cumprimento ao disposto no artigo 52 do Decreto 134/98, de 23 de abril, sobre Policía sanitaria mortuoria.

Gondomar, 10 de xuño de 2013.—O Alcalde, Fernando Guitián Guitián.

2013005638

* * *

O GROVE**EDICTO**

Para cumprir co establecido no artigo 44.2 do Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, faise pública a seguinte:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

O Grove 3 de xuño de 2013

De conformidade co establecido no artigo 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dispoño que me substitúa no exercizo das facultades propias da alcaldía por ausencia, a primeira tenente de alcalde, dona Julia Aida Filgueira Pérez, dende o 5 ao 9 de xuño de 2013”

O Grove, 3/06/2013.—O alcalde, Miguel Ángel Pérez García.

2013005575

* * *

LALÍN**EDICTO**

Exposición pública do Padrón da taxa por servizos de distribución de auga, incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas e da taxa de rede de sumidoiros.

Configurado pola empresa concesionaria do servizo de subministración domiciliar de auga potable e saneamento e depuración de augas residuais, o Padrón das taxas polos servizos de abastecemento de auga e de sumidoiros correspondente ao I Trimestre de 2013, foi aprobado por Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do vinteseite de maio do dous mil trece. O citado Padrón estará a disposición do público durante 15 días dende a publicación do presente anuncio no BOP, na Oficina de ESPINA & DEFÍN, S.L. sita na rúa F, 10 Bajo (Edif. Santiago) - 36500 Lalín (PONTEVEDRA), en horario de 9.00 a 13.30 horas, de luns a venres, para que os interesados poidan examinalo, e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

Contra estes actos poderá formularse perante a Xunta de Goberno Local, o recurso de reposición previo ao contencioso - administrativo do artigo 14.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais nos termos previstos en dito precepto legal.

Neste senso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia deste anuncio produce efectos de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.